



## BASES CONCURSO DE AUTOFOTOS (selfies)

### “RECUNCHOS DE NADAL EN NOIA”

#### 1.- Obxecto.

Con motivo da campaña do Nadal, e baixo o nome “**Recunchos de Nadal en Noia**”, o Concello convoca un concurso de autofotos (selfies), cuxo obxectivo final é propiciar a participación cidadá na posta en valor da decoración tradicional destas datas.

#### 2.- Contido.

Para inscribirse no concurso, as persoas interesadas deberán enviar autoretratos con motivos do nadal e enmarcadas en diferentes recunchos do municipio.

As imaxes, deberán enviarse a seguinte dirección de correo electrónico: [nadalennoia@orbitainfantil.com](mailto:nadalennoia@orbitainfantil.com) ou por WhatsApp ó 677.555.748. Na mensaxe debe figurar o título da autofoto así como o nome e apelidos do/a autor/a da mesma.

#### 3.- Normas do concurso e requisitos das persoas participantes.

- I. Para poder participar neste concurso as persoas interesadas deben ter entre 14 e 30 anos e seguidores da páxina de Facebook do concello de Noia e do Instagram @xuventudedenoia.
- II. As autofotos poderán ser individuais ou en grupo coa condición de que todas as persoas que participen no retrato deben entre 14 e 30 anos de idade.
- III. Cada participante só poderá presentar un máximo de dúas fotografías nomeadas con mensaxes diferentes. Valorarase a orixinalidade e o contido estético das mesmas.
- IV. As imaxes, en ningún caso, poderán mostrar situacións intolerantes ou discriminatorias. O Concello reservarase o dereito para rexeitar aquelas imaxes que incumplan con este requisito.



- V. A inscrición no concurso implica a verificación dos datos persoais solicitados. A falsidade ou erro dos datos de carácter persoal requiridos anulará a participación e o dereito para obter o premio.
- VI. Todas as persoas participantes no concurso outorgan o seu consentimento para que o concello poida facer uso, libre de cargo, da súa imaxe e que poidan ser difundidos por calquera medio e/ou rede social para campañas de promoción institucional ou do territorio.
- VII. Os/as participantes, polo feito enviar o correo electrónico, aceptan as presentes bases e autorizar o procesamento dos seus datos persoais.

#### **4.- Temática e prazos.**

Os retratos persoais ou en grupo deberán reflexar claramente calquera contido ou elemento do Nadal enmarcado no termino municipal do Concello

O prazo para enviar as fotografías é antes do 1 de xaneiro.

#### **5.- Premios.**

Os tres autorretratos gañadores do concurso serán aqueles que reciban mais “likes” na paxina de Facebook do Concello. Consistirán en 3 vales para gastar no comercio local distribuíndose da seguinte maneira.

1º premio: 200 €

2º premio: 100 €

3º premio: 50€

**A publicación dos resultados será a través das redes sociais e da páxina web do concello. Mais información no teléfono 677.555.748 de 09.00h a 14.00h ou no correo [nadalennoia@orbitainfantil.com](mailto:nadalennoia@orbitainfantil.com).**

